

# eu RAZO BALDAIO

Coñecer  
para valorar

## Segredos culturais da costa de Carballo

A COSTA DE  
CARBALLO A TRAVÉS  
DOS RECUNCHOS  
HISTÓRICOS



[www.carballo.gal/euqueroRB](http://www.carballo.gal/euqueroRB)



# As nosas parroquias



As parroquias de Oza e Razo e tamén as que forman a fondeira de Baldaio como son Vilela, Lema, Rebordelos e Noicela, abranguen un territorio aberto ao Atlántico e claramente definido entre Monte Neme en occidente e as estribacións que pechan con Caión no oriente.

Estas parroquias agasallan ao mar co espazo natural de Razo Baldaio, unha xoia xeolóxica, ecolóxica e visual, que se estende polo interior mesturándose co máis íntimo das aldeas.

## Percorrendo

### Oza: as Torres

Topónimo que nos acerca ás antigas construcións defensivas coa forma mencionada de torre, moi probablemente derruídas nas revoltas irmandiñas do S XV. O espazo foi posteriormente reconstruído como casa solariega e dentro desa área alzouse unha capela dedicada á virxe da soidade. Hoxe en día temos oportunidade de observar restos desta última construción.

### Igrexa de San Breixo

De estilo barroco e fachada pentagonal. Posúe un interior de elevado valor artístico entre os que destacan as imaxes dos santos, entre elas Sta Cristina, rescatada da antiga capela localizada en Monte Neme. Tamén o espectacular retablo que data da última reconstrución do templo, no S XVIII traballo que destaca de xeito sobresaínte. Dentro do mesmo e en todo o templo podemos observar imaxes de excelente factura.

### Pazo de Cambrelle

Despois da construción da Torre de Pardiñas ( S. XV), a familia Pardiñas funda no fondo do val e no lugar de Cambrelle este pazo nun lugar estratéxico. Aquí nacerá unha das liñaxes máis estendidas de Galicia: os Pardiñas. Máis tarde emparentarían cos Vilar de Francos, quedando como secundaria esta construción e pasando a edificación de Artes a un lugar máis destacado.

Esta terra farturenta foi lugar de asentamento dos poboadores prerromanos que sementaron de aldeas castrexas os lugares mellor defendibles da accidentada costa carballesa.

O Rodo e Serantes en Oza; Nión e Pardiñas en Razo; Castrillón en Lema; Vilela na parroquia do mesmo nome ou Constenla en Rebordelos, son algunhas do total de nove aldeas prerromanas que poboaron estas terras e que manteñen aínda hoxe, vestixios interesantes para a súa visita.

Dos primeiros templos románicos medievais, asentados en moitas ocasións en lugares de anteriores cultos precristiáns, conservamos certas estruturas inmunes ás ampliacións barrocas posteriores. Un patrimonio relixioso que abrangue tamén a cruceiros de excelente factura, capelas e algún peto de ánimas único na bisbarra.

Das torres medievais apenas nos queda a toponimia e escasos vestixios dos primitivos alicerces e os exemplos de pazos conforman coas vivendas e hórreos, unha rica arquitectura civil moi ben expresada nalgunha destas aldeas.



### Razo da Costa

Previsiblemente un dos núcleos máis antigos da parroquia. Moi cerca de aquí e a beira do mar, atopase o "monte raso" con probabilidade orixe do topónimo. Aquí situouse a antiga igrexa, e hoxe en día atópase a capela de Sta Mariña, ubicada orixinariamente na aldea próxima do mesmo nome.

### Castrillón

A aldea actual atópase localizada no que antigamente foi un castro, e hoxe en día serve como un dos mellores miradoiros do espazo natural de Baldaio. Neste mesmo lugar, a 90 m sobre o nivel do mar, instálase dende S XVIII. a capela de Sta Eirena, orixinariamente ubicada onde a fonte do mesmo nome, a carón da marisma.



## Igrexa de Lema

Lema, a parroquia máis extensa, ten na igrexa de S. Cristovo os segredos románicos máis importantes da bisbarra. Céntranse no arco triunfal coas columnas e capiteis e conforman cos canzorros do interior da sancristía uns elementos datados do S XII. que falan da orixe do templo.

## Castro de Constenla

Unhas espectaculares murallas defensivas expoñen este recinto castrexo como un dos mellores conservados da zona. Apartado da aldea e de camiños importantes é, xunto con Castrillón, o máis achegado ao mar, e dentro da súa croa atopáronse tellas.

## Baldaio, terra fértil

A fondeira de Baldaio é un territorio amable a nivel orográfico que se abre a un océano compañeiro da paisaxe en forma de cunca. Unha terra moi fértil e en moitos lugares abrigada dos ventos fríos do nordés.

Dende as partes máis altas de Vilela ás zonas preto da marisma, este terreo foi destino de poboadores dende ben antigo. O desenvolvemento da historia e o máximo aproveitamento dunha terra farturenta, salpicou de aldeas o val de Baldaio, situando estas de xeito estratéxico para unha economía tradicional agrícola.



### Contidos:

Asociación Ambiental Senda Nova

### Bibliografía:

*Andando por Bergantiños: parroquias costeiras de Carballo.* Instituto de Estudos Bergantiñáns 2006

*Patrimonio relixioso de Carballo.* Desirée Mª Domínguez Pallas 2006

*Guía de Carballo.* Xan Fernández Carrera 2013

### Aportacións:

Laura Blanco Taibo, Oza

Jose Añón Iglesias, Lema

Asociación de Veciños a Torre Vixía de Oza

### Edita:

Concello de Carballo